



PREGUNTA ORAL SOBRE A SITUACIÓN DO REFUXIO DE ANIMAIS DE BANDO E AS PREVISIÓNS DO GOBERNO LOCAL AO RESPECTO

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

A situación de incerteza do Refuxio de Animais de Bando segue a manterse, logo de meses de interinidade propiciados pola decisión do Goberno de cesar á persoa responsable da súa dirección.

Transcorridos preto de tres meses desde a última convocatoria do Padroado da Fundación, nada se sabe do modelo decidido para a xestión das instalacións nin do traballo do equipo de do Goberno para convocatoria do concurso público para dotar nos novos postos de veterinaria e de dirección, a pesar do compromiso expresado de adxudicar ambas prazas no transcurso do actual mes de xuño.

Por este motivo, e para aclarar o futuro inmediato destas instalacións, fórmulase a seguinte pregunta:

Cal é o modelo concretado polo Goberno para o Refuxio de Animais de Bando e cales son as previsións que manexa para convocar ao Padroado e substituír á persoa que viña desempeñando as funcións da Dirección destas instalacións?

Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2016

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.